



Orde do día do 17 de xullo de 2006.

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local:  
Don Néstor Rego Candamil.  
Don Francisco Candela Castrillo.  
Dona Teresa García-Sabell Tormo.  
Don Xaquín Fernández Leiceaga.  
Don José Angel Baqueiro Canabal.  
Don Bernardino Rama Seoane.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Manuel Portas Fernández.

Ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco ós/as Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **17 de xullo de 2006, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de Acta de Sesión Anterior.
- 2.- Solicitudes de licenzas de obras.
- 3.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa ao apoio de diversos proxectos empresariais.
- 5.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica, emprego, comercio e mercados relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e distintos medios de comunicación (Cope, La Voz de Galicia, Editorial Compostela S.A., Compostelavisión SL, Cadena Ser, e Uniprex, S.A.).
- 6.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificación por servizos extraordinarios.
- 7.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á aprobación da oferta de emprego do Concello para o ano 2006 e bases xerais da convocatoria.



Orde do día do 17 de xullo de 2006.

8.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao aboamento de paga de produtividade correspondente ao primeiro semestre do ano 2006.

9.- Proposta do concelleiro delegado de circulación, uso da vía pública e seguridade cidadá relativa a autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal do departamento.

10.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica, emprego, comercio e mercados relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Compostela monumental centro comercial aberto.

11.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á ampliación da contía das subvencións para actividades deportivas puntuais.

12.- Proposta do concelleiro delegado de cultura relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella.

13.- Proposta do concelleiro delegado de infraestructuras relativa á resolución do contrato de Acondicionamento de baixo mais primeiro andar para locais do Concello no Polígono único do Plan Parcial de Sar.

14.- Proposta do concelleiro delegado de tráfico relativa á adxudicación dos traballos de subministro e instalación de regulador de tráfico na subárea nº 1, que inclúe os semáforos de Xoan XXIII, praza da Paz, San Caetano e dende alí ata a Avda. de Lugo coa rúa do Hórreo.

15.- Adxudicación das Obras de substitución de escaleira mecánica na Estación de Autobuses incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña (2ª licitación).

16.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Ampliación de Saneamento de augas residuais en SON DE ABAIXO.

17.- Adxudicación das Obras de substitución da rede de Abastecemento nas rúas MODESTO BROCOS e LINO VILLAFINEZ.



Orde do día do 17 de xullo de 2006.

- 18.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de consumibles de material informático para o Concello de Santiago.
- 19.- Adxudicación do Servizo de desmontaxe de mobiliario do CEIP LOPEZ FERREIRO para permitir a realización das obras de acondicionamento do centro por parte da Consellería de Educación.
- 20.- Adxudicación do Servizo de retirada, transporte e almacenaxe de mobiliario procedente do CEIP LOPEZ FERREIRO ó polideportivo de Vite
- 21.- Aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras de albanelería nos centros de educación infantil e primaria do municipio.
- 22.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Carpintería e pintura nos centros de educación infantil e primaria do municipio.
- 23.- Adxudicación da Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución, coordinación de seguridade e saúde e dirección superior das obras de Reforma do Campo de fútbol das CANCELAS.
- 24.- Adxudicación do Subministro e instalación de luminarias leds en semáforos na Praza de Galicia e Campo da Estrela.
- 25.- Adxudicación das Obras de acondicionamento de espazos nos centros escolares COLEXIATA DE SAR, RAÍÑA FABIOLA, QUIROGA PALACIOS e ROXOS-VILLESTRO.
- 26.- Proposta do concelleiro delegado de parques e xadins relativa á Ampliación do contrato de mantemento en conservación de ZONAS VERDES.
- 27.- Adxudicación da Asistencia técnica para a organización das IV Xornadas do Movemento Veciñal de Compostela.
- 28.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de posta en marcha de módulos software para novos servizos na intranet do concello.



Orde do día do 17 de xullo de 2006.

29.- Adxudicación das Obras de mellora no campo da festa de ROXOS.

30.- Adxudicación da Asistencia técnica para a dirección superior de execución das obras de Construcción de edificio destinado á Concellería da Muller e Servizos Sociais.

31.- Adxudicación do Subministro dunha carpa rectangular a duas augas para o departamento de Relacións Veciñais.

32.- Adxudicación do Subministro de sinais para a nova instalación e reposición das actuais nas vías de titularidade municipal.

33.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de reforma e ampliación do Centro Cívico de FIGUEIRAS.

34.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa á ampliación do contrato de Prestación do Servicio de Limpeza de Dependencias Municipais.

35.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación da constitución da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés.

36.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación inicial do polígono 2 do proxecto de urbanización do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.

37.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á exclusión das parcelas 109 e 110 do polígono catastral 315, propiedade do Concello de Santiago de Compostela, da expropiación para a ocupación urxente das obras do Proxecto "Corredor Norte-Noroeste de alta velocidade. Eixo: Ourense-Santiago. Tramo: Lalín-Santiago, Subtramo: Boqueixón-Santiago.

38.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa ao cambio de arquitecto supervisor das obras do edificio destinado a concellería da Muller e Benestar Social, na parcela S-6 da OE-5 de Galeras.

39.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á cesión da masa común 1330 da concentración parcelaria de



Orde do día do 17 de xullo de 2006.

Sabugueira-Carballal para ampliación do Colexio Mestre Rodríguez Xixirei.

40.- Dar conta de corrección de erro no punto número 37 da Xunta de Goberno Local do día 5 de xuño de 2006, referente á aprobación provisional do plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38) de Formarís.

41.- Dar conta da sinatura de diversos convenios.

42.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais.

43.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais.

44.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

45.- Correspondencia.

46.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2006

**O Alcalde**

**Asdo:** Xosé A. Sánchez Bugallo